



Ramiro Rodríguez Suárez, deputado do Grupo Provincial do BNG, ao abeiro da Lei da Administración Local de Galiza e demais disposicións concordantes, presentan para o seu debate e aprobación a seguinte **MOCIÓN PARA DEMANDAR MÁIS INVESTIMENTO PARA GALIZA**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proxecto de orzamentos do Estado supón un agravio e unha discriminación sen precedentes a Galiza que perde 442 millóns de euros en investimentos. O descenso do investimento territorializado en Galiza é o segundo máis intenso de todo o Estado termos absolutos, e o terceiro máis intenso en termos relativos.

Nunca no presente século se producirá un descenso tan intenso do investimento en Galiza, tanto en termos absolutos, cun descenso de 442,65 millóns de euros, como en termos relativos, cun descenso do 33%. É dicir, o investimento en Galiza redúcese nun tercio nun so ano. Por primeira vez en catorce anos, o investimento en Galiza é inferior aos mil millóns de euros. Pero si malo é para Galiza, aínda é moito peor para Ourense, no que a redución acada o 60%, nunha provincia con tantas necesidades e carencias.

Estes orzamentos son inasumíbeis como galegas e Ourenzás, e hipotecan o noso futuro. Hai importantes proxectos que dependen do goberno central e que non teñen o impulso necesario, non só en materia de infraestruturas e modernización do ferrocarril, senón no medio ambiente, na rexeneración integral das rías ou a creación de emprego.

En termos xerais, os orzamentos do Estado son restritivos e consolidan os recortes. De feito, os recursos para a sanidade, educación e servizos sociais están aínda moi por debaixo dos niveis anteriores á crise. Baixa un 6,6% o gasto en desemprego co argumento de que aumenta o emprego, esquecendo a realidade da emigración, da precariedade e o feito de ter a miles de parados e paradas que xa non perciben a prestación.

Son uns orzamentos totalmente *incríveis* en termos recaudatorios posto que prevén uns ingresos de 200.963 millóns de euros, máis que en 2007

antes da crise. E iso pese a que admite que vai caer o consumo público e privado. Fían o crecemento as exportacións e a subida de prezos.

A débeda pública ten un peso importante: o 9% do gasto vai para pagar intereses da débeda pública, 32.171 millóns de euros. Grazas á excelente xestión do PP a débeda pasou de ser o equivalente ao 35% do PIB en 2008 ao 99% do PIB en 2017.

Entre as prioridades do PP: aumenta o gasto militar, -hai que facerlle caso a Trump a aportar máis a OTAN-, e o gasto na Casa Real. Estamos convencidas que a maioría dos galegos e as galegas pensan que hai mellor destino para os seus impostos.

Por todo o anterior SOLICITAMOS por parte do Pleno da corporación a adoción do seguinte

ACORDO

O Pleno da corporación acorda como resolución trasladarlle ao Congreso das e dos Deputados e ao Goberno Central o rexeitamento ao proxecto de orzamentos do Estado para 2017 polo recortazo nas inversións para Galiza e para Ourense, e polos recortes sociais que presentan.

Ourense, 11 de abril de 2017

Asdo.: Ramiro Rodríguez Suárez

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL